

DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO



Papel 100% libre de cloro

Día do Comercio Xusto en Galicia: 6 ONGD e 6 cidades

O **8 de maio** celébrase o Día do Comercio Xusto en Galicia, unha xornada lúdica e festiva protagonizada polas ONGD que forman parte da Comisión de Comercio Xusto da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento (CGONGD). Este ano, as actividades do Día do Comercio Xusto en Galicia vanse a levar a cabo en seis cidades (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Lugo) e contarán coa participación de seis ONGD integradas na Comisión de Comercio Xusto: **A Cova da Terra, Axuda en Acción, Intermón Oxfam, Panxea, Solidariedade Internacional e Taller de Solidariedade.**

O programa previsto para o **sábado 8 de maio** é o seguinte:

A Coruña

Lugar: Xardíns de Méndez Núñez.

Horario: 12:00 a 20:00 horas

ONGD participantes:

Axuda en Acción

Intermón Oxfam

Solidariedade Internacional

Lugo

Lugar: Praza do Concello
Horario: 12:00 a 20:00 horas
ONGD participantes:
A Cova da Terra
Solidariedade Internacional
Taller de Solidariedade.

Ourense

Lugar: Rúa do Paseo
Horario: 12:00 a 20:00 horas
ONGD participantes:
Solidariedade Internacional
Taller de Solidariedade

Santiago

Lugar: CSC Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado 14-16)
Horario: 11:00 a 14:30 e de 17:30 a 20:30 horas
ONGD participantes:
Intermón Oxfam
Panxea
Solidariedade Internacional

Vigo

Lugar: Praza América
Horario: 12:00 a 20:00 horas
ONGD participantes:
Intermón Oxfam
Solidariedade Internacional
Taller de Solidariedade

Pontevedra

Día: 22 de maio

Lugar: Praza da Peregrina
Horario: 12:00 a 20:00 horas
ONGD participantes:
Solidariedade Internacional

Actividades programadas nas distintas cidades:

- Venda e exposición de produtos de Comercio Xusto.
- Obradorios de reciclaxe para nenos e nenas
- Obradoiros de globoflexia e pintura de caras
- Degustación de produtos de Comercio Xusto
- Contacontos
- Pase de vídeos e documentais
- En **LUGO**. Funcións de teatro (12:00, 13:30 e 18:00 horas)

“Un día para celebrar, todo o ano para actuar”

O Día Mundial de Comercio Xusto celébrase o 8 de maio en todo o planeta. En 2009, a iniciativa da Campaña *Big Bang!! Faite oír polo Comercio Xusto*, presentada pola World Fair Trade Organization (WFTO) – Organización Mundial do Comercio Xusto - representada no estado español pola Coordinadora Estatal de Comercio Xusto, rexistrou máis de 1.000 actividades en 72 países e contou coa participación de centenaes de organizacións e máis de 8 millóns de persoas.

Este ano quérese repetir o éxito de convocatoria do ano pasado e, ademais, facer un chamamento aos cidadáns e cidadás para que asinen a Declaración Mundial do Comercio Xusto 2010, un texto que propón o Comercio Xusto como “resposta eficaz e concreta para conseguir a redución da pobreza, a crise alimentar e o cambio climático” e as súas devastadoras consecuencias.

Este ano, o lema do Día do Comercio Xusto é “*Un día para celebrar, todo o ano para actuar*”, unha mensaxe que quere lembrar aos consumidores e consumidoras que o seu papel é fundamental para potenciar unhas regras de intercambio comercial máis xustas, equitativas e respectuosas coas persoas, as culturas e o medio ambiente.

As vendas descenden lixeiramente

As vendas de Comercio Xusto no estado español, e sobre todo en Galicia, creceron de forma progresiva dende o 2000 pero este último ano descenderon lixeiramente. Este é un dos principais datos que se desprenden do Informe *O Comercio Xusto en España 2009. Cuestión de xénero*, elaborado pola Coordinadora Estatal de Comercio Xusto (CECJ) e Setem e financiado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID). En concerto, o descenso que experimentou o Comercio Xusto no último exercicio pechado (o de 2008), en relación ao do ano anterior, foi dun 2,6% no conxunto do estado español, segundo os datos facilitados polas importadoras de comercio xusto integradas na CECJ.

Os motivos do descenso poderíanse atopar no contexto da crise financeira global que ten provocado unha baixada do nivel adquisitivo das familias. E neste sentido hai que ter en conta que a maioría dos produtos que se venden nas tendas de comercio xusto non son de primeira necesidade (café, chocolate, artesanía...).

Segundo o estudo, en Galicia lévanse a cabo o 3,9% de todas as vendas de produtos de comercio xusto do estado. Iso tradúcese na seguinte cifra: o gasto medio en produtos de comercio xusto por cada 1.000 habitantes é de 225 euros anuais. Esta cifra queda por debaixo dos 350 euros de media estatal pero é mais alta ca media galega dos últimos anos (no ano 2000 as vendas de comercio xusto en Galicia eran practicamente nulas).

En este sentido, hai que remarcar que os datos do estudo non mostran a totalidade das vendas que se levan a cabo en Galicia xa que organizacións pequenas pero potentes coma Cova da Terra, en Lugo, ou Panxea, en Santiago de Compostela, non están integradas na Coordinadora Estatal. No territorio galego, ademais, son moitos os puntos de venda pequenos nos que se opta por vender comercio xusto, produtos ecolóxicos, etc. e o cómputo de esas vendas non está reflectido no estudo.

Tipoloxía dos produtos

Segundo o estudo, a metade das compras de 2008 realizáronse en tendas de Comercio Xusto e a outra metade repartíronse entre establecementos de produtos ecolóxicos (7,9%), supermercados e grandes superficies (12,3%), outros minoristas (16,7%) e, en menor medida, hostalería e máquinas de vending.

En canto ás preferencias dos/as consumidores e consumidoras, **os produtos de alimentación** son os máis demandados xa que representan o **60% das vendas**. O café mantense como o produto estrela: lévase case a metade das vendas de alimentos, seguido do cacao e o azucre. En artesanía os artigos máis comprados foron os complementos (30%), a decoración (26,7%), os produtos téxtiles para o fogar (16,8%), roupa (11,8%) e xoguetes (8,1%).

A maioría dos produtos son importados de América Latina e África.

O decálogo do Comercio Xusto

Para que un produto sexa considerado xusto debe cumprir os seguintes requisitos:

1. Salarios e condicións de traballo dignas.
2. Ausencia de explotación laboral infantil.
3. Igualdade entre home e muller.
4. Relacións a longo prazo e pago parcial do prezo por adiantado.
5. Aposta polos circuítos curtos de comercialización e polos produtos locais e de tempada.
6. Funcionamento participativo e democrático das organizacións.
7. Reinvestimento de parte dos beneficios sobre as propias comunidades.
8. Respecto polo medio ambiente en toda a cadea (produción, transformación, envasado, transporte e comercialización).
9. Produtos de calidade.
10. Información ao consumidor e transparencia en toda a cadea

A **definición de comercio xusto** consensuada recentemente a nivel internacional é a seguinte:

“Asociación de comercio, baseada no diálogo, a transparencia e o respecto, que busca unha maior equidade no comercio internacional. Contribúe a un desenvolvemento sostible ofrecendo mellores condicións comerciais e asegurando os dereitos de produtores/as e traballadores/as marxinados/as, especialmente no Sur. As organizacións de Comercio Xusto, apoiadas polos consumidores e consumidoras, están implicadas activamente en apoiar a aos/ás produtores/as, sensibilizar e desenvolver campañas para conseguir cambios nas regras e prácticas do comercio internacional convencional”.

Para máis información:

Gabinete de Comunicación

Coordinadora Galega de ONGD

Contactos: 981585189 - 618626627

E-mail: sensibilizacion@galiciasolidaria.org